

# O APUPO



**fgcmf**  
federación galega  
pola cultura marítima  
e fluvial

Ano VIII. Nº17. Xuño 2009. BOLETÍN INFORMATIVO DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL Depósito Legal: PO 634-2008

## A CANOA NA RÍA DE MUROS E NOIA

PAX. 8

## MEDRARON OS BARCOS

PAX. 6



Foto: Mar Rey

# Estando ao último...

## A Lavanqueira na navega pola ría de Arousa

Foto: Daniel Otero



Pasaron xa 4 anos desde que a Asociación Cultural, Deportiva e Promotora de Actividades Xuvenís Fasquía iniciara a súa particular andaina: facer realidade unha dorna de tope. Esta dorna forma parte do denominado Desafío a Tope, impulsado por parte da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial xunto coa Deputación Provincial de Pontevedra a fin de recuperar unha das embarcacións tradicionais máis representativas da costa galega e das que quedan contados exemplares nas nosas ribeiras.

A Lavanqueira contruíuse no Asteleiro Manuel Mougán, da Illa de Arousa, a embarcación está feita de madeira de piñeiro país e carballo, conta con unha eslora de 7,27 metros, manga de 2,46 e 1,28 de puntal, sendo capaz de desprazar 1.440 kilogramos, e navegará con vela de relinga.

Na festa do botabaixo non faltou nada do que debe haber. Nin sequera a botella feita cachizas contra o casco de madeira. Nin tampouco o son das gaitas, que encheu o ambiente grazas ao esforzo da Asociación Cultural Dorna, tamén da Illa. Tampouco faltou ninguén: houbo representantes do Concello da Illa de Arousa e da Deputación de Pontevedra.

## O galeón Coruxo xa tocou o mar para as primeira probas

O Coruxo, con 9,30 metros de eslora, 3,25 m de manga e un desprazamento de 4,5 Tm, foi realizado durante os anos 2006 a 2009, na Escola Obradoiro Mar de Vigo, abarcando distintos proxectos formativos e de emprego. A súa construción realizouse mediante o sistema tradicional de banceado a tope empregando madeiras do país e cravazón galvanizado.

O aparello arma cangrexca con foque e trinqueta, e foi deseñado e realizado no módulo de actividades náuticas, baseándose en modelos antigos e actuais. O feito de levar botavara responde ao seu carácter divulgativo, co fin de evitar que a vela caia sobre a cuberta e facilitar as operacións da tripulación; consecuencia delo é tamen a distribución interior da adega que, respetando a súa situación orixinal, pode reconvertirse nunha mesa con bancos onde os pasaxeiros poden ir sentados sen entorpecer a manobra nin correr riscos.

Ainda que non o botaron “oficialmente”, está na auga dende o pasado mes de marzo. Xa se lle realizaron as probas de estabilidade, con moi bos resultados, así como a inspección de seguridade, segundo nos comentou Henrique Otero, o director da escola.

Foto: Mar Rey



# MUROS, IX ENCONTRO

A poucos días de conta atrás da celebración do IX Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, entre o 9 e o 12 de xullo, na vila coruñesa de Muros, facemos unha pe-

quena aproximación ao que nos vai ofrecer, tanto no mar como en terra, esta nova edición da gran festa do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia.

A andadura do Encontro segue por toda Galicia, de norte a sur, onde é posible, deixando a pegada nos kilómetros de costa que nos afectan e disfrutando da peculiaridade que cada porto lle dá ao evento, de esta vez Muros, e non soio Muros senón tamén todo o aporte de Lira e da propia ría, outra vez o colectivo social das pequenas vilas fai presenza e amosa o importante que é o entorno social no desenvolvemento e no poder de un Encontro e da marca que pode deixar en estas vilas. Ahí onde as rías deixan de ser altas onde escomezan a ser baixas, onde Monte Louro configura un entorno único, onde a mítica dos seus espazos configuran a historia marítima de Galicia, "chegamos o Monte Louro e fondeamos a pasar a noite ao abrigo", pois ben chegaremos a Monte Louro, uns polo Norte outros polo Sur, confluindo en ese marco ecolóxico e arquitectónico que conforman Lira e Muros, para moitos tamén será lembranza das xornadas de solidariedade, que esperamos Nunca Mais acontezan. E como dicía, chegaremos a Monte Louro e porremos rumbo ao peirao de Muros onde por novena vez celebraremos a nosa existencia -ao seu abrigo- a nosa variedade e o noso sentimento de colectivo, que convida a xentes de outros países a disfrutar con nós, na maior expresión de Cultura Marítima que se desenvolve na Península Iberica.

Esta vez, como en outras, o espazo condiciona o evento e como dicía o entorno paisaxístico e arquitectónico da bisbarra Muros-Lira e único, por eso no adicado as xornadas técnicas a temática abundará no seu desenvolvemento, motivos non faltan.

Como de costume de outros lugares preguntan cando e como, polo que a presenza de xente de outras latitudes é de esperar. Si os compañeiros do País Vasco eran os candidatos a ter unha presenza máis relevante, non menos acontecerá con Portugal, que cada vez máis e de un xeito lóxico, que merece contrapartida, os nosos veciños do sur arribaran cos seus barcos

cargados de color e vida. Tamén cataláns e andaluces teñen manifestado o seu desexo de asistencia e reservando onde dormir, os cartaxeneiros acompañarannos unha vez máis, o que permite comprobar que o traballo feito en anteriores edicións foi ben recibido e a súa sona segue a ser asumida polos nosos veciños como traballo común. Será espazo para navegar, para escoitar a nosa música, para ver as ofertas do traballo de outros. Os obradoiros, en este marco cobrarán protagonismo e o traballo dos colectivos amosarán a súa forza. Palilleiras, Sancosmeiros, Afumadoras, ... Carpintería de Ribeira, como non a tradición a historia galega

da construción de embarcacións apunta a Muros, apunta a Broñas, ao Freixo, a Tal, apunta ao traballo de xeracións que terá protagonismo eses días.

Cine, exposicións, recitais, moitas músicas, teremos a oportunidade de cantar a unha voz colectiva e que ... Se chove!! ... deixa chover'e, se orballa ¡ Deixa orballar'e ..., e que faga bon ou faga ... polos peiraos, ao abrigo das estendas muradanas marcadas polo seu arco inconfundible, sempre fará xuntanza, sempre fará festa, a gran festa do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia, e que os ventos sexan portantes.

## IX ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA

9 - 12 de Xullo



# MOITA COSTA, POUCO MAR...

A dorna é a embarcación tradicional máis característica das Rías Baixas, que se descoñecía nas Rías Altas, onde dorna era termo xenérico para designar embarcacións pequenas. A dorna é a icona do mar da Arousa, particularmente de portos como O Grove, Ribeira, Aguiño ou A Illa, onde hoxe aínda segue presente para traballar no mar, á parte do seu uso como embarcación de lecer.

Fotos: Daniel Otero

## A dorna, señora do mar da Arousa, na poesía de Cabanillas

En Cambados hai anos que desapareceu totalmente da vida mariñeira; pero no primeiro terzo do século XX e nunha longa xeira da posguerra franquista, moitos mariñeiros do barrio de San Tomé (e algúns do de Fefiñáns), a partir de outubro andaban ás ostras e ás vieiras en dornas de escarva (ou de calime), construídas ó xeito dos barcos viquingos, ou andaban en dornas de tope, de construción mediterránea. Esas dornas, apareladas coa atlántica vela de relinga, na primavera e no verán podían achegarse ás postas de Sálvora e doutras zonas do mar da Arousa, mesmo saíren da ría.

Neste ano en que en Cambados (e no Salnés) se está a celebrar o 50 aniversario do falecemento de Cabanillas quero presentar unhas notas sobre a presenza da dorna na obra do poeta que naceu, como el mesmo dixo, “o día 3 de Sanxuan do 1876, nunha casiña vella e probe con patín, antre un pazo que fondou un coengo de Compostela e unha praia que fixo persoalmente Noso Señor, na viliña de Fefiñáns, oxe axugada á vila de Cambados”.

Como emigrante en Cuba, a saudade que sentía do seu mundo natal, Cabanillas reflectiuna en diversos textos de No desterro (1913), o seu primeiro poemario. É o caso do soneto “Na Ribeira” onde fala de gaivotas brancas, que no serán andan como vellas tolas darredor da pulida regateira que está a escabechar sardiñas; e fala de dornas, que “gañan porto bolinando / por un mar furruxento que bruando / espalla sobre os cons albas guedexas”.

En varias composicións da década de 1920 está presente este barco tradicional, como no poema “Na coroación da Nosa Señora do Monte Carmelo, na vila de Cambados”, onde invoca a Virxe

para que traia “a porto seguro a dorna que está no escuro, / loitando con leste duro / sobre das ondas do mar”. E o mesmo ocorre no texto “Colón”, que na posguerra reeditaría co título “O fillo de Celt”, onde vemos navegar dornas da ría de Marín, que así é como mariñeiros de Cambados nomean a ría que ten na súa boca a dorneira illa de Ons:

*e das postas da Adina,  
de Raxó, Cantoarena e Samieira,  
veñen tras del as dornas pescadoras  
fendendo o mar coas afiadas proras,  
a sardiña bulindo na cadeira.*

En 1925 Cabanillas publicou no xornal Galicia o poema “A Calzada de Cambados”, no que fai unha “paráfrase” dun cadro que o coruñés Francisco Lloréns pintara nese emblemático paseo, co mar da Arousa como marco. Comeza o poema cunha descrición do fondo do cadro, que vén a ser a paisaxe da ría que calquera día despexado de verán se contempla desde o popular e transitado paseo da Calzada, que une as viliñas de Fefiñáns e Cambados: no fondo da ría, a serra do Barbanza, co alto da Curota; na boca da ría, o vixiante cón de Nor; á esquerda e diante do Grove, a illa da Toxa, onde a luz acende as cunchas de nácar dos seus areeiros, unha luz que “chove / moída en pingas de ouro / nos pinales de Tragove”, fronte á Calzada.

E a seguir, móstranos dornas que velean con seus leviáns ronseis prateados:

*Nás ágoas craras e mornas,  
as velas alba ó sol,  
agardan o leste as dornas.  
Adiantan quedo quedío,  
perguiceiras, soñadoras,*

*durmíndose no camiño,  
deixando a popa, tras delas,  
leviáns ronseles de prata  
como regueiros de estrelas.*

Logo veñen uns versos que son tristes presaxios dunha paisaxe que se relaciona co desenlace do poema, a morte da muller do pintor: as badaladas do mediodía da parroquial de Cambados, que rodan sen rumbo “como pombas asombradas”; o corvo mariño “agoiro de loito e bágoas” que cruza velozmente desde a Illa da Arousa ó illote de San Sadurniño...

Á parte de referencias como as citadas, a dorna é o tema de dous fermosos poemas de Cabanillas. Na composición “Mariñeira”, da 2ª ed. de Vento mareiro (1921), trata o naufraxio dunha dorniña polbeira un día de leste duro e de mar bravo. O mar ferve e o vento brúa, mais un refacho acabará coa pobre da polbeira, que entre salseiros ía coa “vela a catro rizos bolinando” e co patrón cos ollos chantados nos “cons ergueitos da lonxana costa”:

*Leste duro  
Mar bravo.  
Curiscadas da choiva.  
A noite vai rubindo  
cabaleira na sombra.  
As fortes ás tendidas,  
inquietadas, sin rumbo, silenzosas,  
levadas pol-o vento  
déixanse ir as gaivotas.*

*Salseada e batida das escumas,  
de lombo en lombo das inchadas olas,  
a vela a catro rizos, bolinando,  
coa quilla ó descuberto, vai a dorna!  
A dorniña pulpeira  
durmirá mar afora...*

O patrón unha man aferrollada  
na caña do timón, outra na escota,  
leva os ollos chantados  
nos cons ergueitos da lonxana costa.

Ferve o mar, brúa o vento...  
¡Probe da dorna!

Un refacho asubiante  
abate a verga e tronza o palo, as cordas  
estalan, e un instante ábrese a vela  
e caí a plan no mar...

Galgan as olas  
ouveando roucas, como cans famentos  
en asalto dos cons...  
¡Probe da dorna!

No poema sen data “Veiramar” o tema é unha dorna que soportou “frentes inverniás”, que non temeu arroaces nin refachos e que se enfrontou ó “duro leste traicioneiro”; e agora, de vella, estase a desfacer no areeiro, mentres unha ghaivota, “como unha ibis sagra”, repousa inmóbil nunha caverna apodrecida da dorna:

Tumbada, quilla ó aire,  
desfáise no areeiro a vella dorna.  
Gloria e relembro dos lonxanos días  
nos que se déu ó mar como unha noiva,  
repulida e locente das carenas,  
ben presada de estopas,  
a branca vela ó vento, cantareiro  
nas atesadas cordas...!  
Noites de lúa crara,  
fondeada na posta,  
deixándose ir e vir de vagariño  
nas latexantes ondas,  
como berce de neno  
arrola que te arrola,  
mentras as liñas soltan, rebulindo,  
brincando, dando voltas,  
os buraces de prata  
nos paneles de proa...!  
Frentes inverniás,



Tardes de vento e choiva  
nas que galgante, a pulos, enrabiada,  
entre as ágoas bruantes e revoltas,  
sin medo de arroaces nin refachos,  
co duro leste traicioneiro en loita,  
coa guía daquel santo patriano  
-¡Dios o teña na gloria!  
que dende Ons ou Noro,  
deixando pola popa,  
rabexante e fervente,  
longo ronsel de escumas briladoras,  
unha Salve nos beizos  
e unha man no timón outra na escota,  
san e salva, metíase no porto  
mollada dos salseiros, trunfadora...!

Tumbada, quilla ó aire,  
desfáise no areeiro a vella dorna...  
Nunha cuaderna núa, apodrecida,  
está pousada, inmobre, cavilosa  
ollando a lonxanía,  
como unha ibis sagra, unha ghaivota.

Xaquín Lorenzo tratou as dornas do Porto do Son nun traballo que é pioneiro na investigación sobre a cultura do mar dos galegos. Seguindo o ronsel deste etnógrafo ourensán, ocupáronse da funcional dorna Mora, Massó, Mörling e Páramo Aller, e recentemente Sotelo Blanco. Asemade, a dorna converteuse na literatura galega, nomeadamente na poesía, nun símbolo da singularidade da nosa cultura. A dorna

navega na poesía de Manuel Antonio, Zapata García, Amado Carballo, Xulio Sigüenza, Álvaro de las Casas, Ánxel Sevillano, Pura Vázquez, Xohana Torres, Salvador García-Bodaño, X. L. Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana e na de tantos outros autores.

O mindoniense Álvaro Cunqueiro, con familia en Cambados e que ocupou na Academia Galega a cadeira que deixara Cabanillas, en 1957 adicou unha fermosísima cantiga á ría Arousa e á súa emblemática dorna, cantiga que hai anos popularizou Amancio Prada:

Si miña señor á i-alba da Arousa beilar  
poñereille, belida, un ventíño no mar.  
A dorna vai e ven  
que meu amor ten!

Poñereille unha fruta e máis un reiseñor  
e unha longa soedade coma a da mar maior  
A dorna vai e ven  
que meu amor ten!

Na illa de Cortegada poñereille un galán  
por pastor das mareas co seu remo na man.  
A dorna vai e ven  
que meu amor ten!

Poñereille unha gaita no bico da ría  
e unha avelaneira no medio do día.  
A dorna vai e ven  
que meu amor ten!





# MEDRARON OS BARCOS

**Realizamos da man de Fernando Piñeiros un percorrido pola actividade de algunhas das asociacións da Federación Galega pola Cultura Marítima, e de algún que outro membro delas, que se atopan nun intre frenético con novas construcións, recuperacións ou adaptacións de vellas embarcacións, tendo todas elas unha finalidade semellante: a posta en valor, a socialización e os novos usos das embarcacións tradicionais.**

Fotos: Fernando Piñeiro

Hai uns anos cando nos xuntabamos non era doado ver barcos de máis de 5 ou 6 m, cantas millas non fixo o fermoso Luisa de Combarro para a Arousa ou onde fora, logo veu o Nova Sofía que co anterior, a Nova Marina e a Meca formaban o núcleo dos barcos grandes, aqueles que se notaba onde estaban, as dornas renovarónse nunha boa medida e con criterio, os mesmos que as facían seguen a facelas, pero algo mudou, os ciclos evolucionan, cando un se atreve outros lle siguen. Axudou o proxecto que dende a FGCMF se promoveu “Desafío a Tope”, era o paso para ir a máis de 7,5 m, as estruturas das asociacións son (aínda que sexamos máis) moi parecidas, as mesmas carencias estruturais, as mesmas debilidades asociativas

(aquí non afectou ir ou non ir a Brest). Perdeuselle o medo a ter un barco grande?, asociacións tan potentes como a ACD Dorna da Illa de Arousa, sempre meditaban, quen os mantén?. Pero no Norte romperon o molde Bedyoya e a xente do Club de Mar fixeron navegar o “Ría de Ferrol”, os Amigos das EETT de A Coruña botaron o “Punta Pragueira”. Ao mesmo tempo bautízase a “Peza de Rabo” a primeira dorna de tope do “Desafío”, pero esto non foi o final, o impresionante é o movemento que agromou principalmente nas Rías Baixas (somos máis). Así de un tirón: Avelino Manuel, Comaira, Rei dos Mares, Illa de Cortegada e Eliseo, (agás o Illa de Cortegada), afortunadas recuperacións da súa raíz, galeóns bateiros que non

serán madeira de motoserra, curiosamente, bateiros, dragas, son os que fixeron que algún como o Eliseo de 1904, non se esvaecera, o Rei dos Mares, xemelgo do fotografado Maravilla, motora de “necesidades” na Ría de Arousa, todos eles xa están a piques de navegar ou navegando en algún caso, aínda que sexa somentes a motor. Outra mención merecen a “Lavanqueira”, outra do Desafío, ou a “Sara”, dúas novas construcións.

Chegado este punto quixera facer un regate polo “que virá”. Avelino Manuel, Illa de Cortegada e Lavanqueira, tiveron a un tempo cita no Asteleiro de Manuel Mougán na Illa, viaxar ata Riasón este inverno do 2008 era unha satisfacción, o caso era que mentras uns poden dicir viaxe ao pasado





outros arriscanse e apostan polo futuro. En mesas e proxectos se debate a realidade, os problemas e o futuro da Carpintería de Ribeira, no Grove xurde "Sara", de ela saben ben os Irmáns Garrido e o seu promotor Avelino Ochoa, socio dos Amigos da Dorna Meca, non pode pasar por unha embarcación ou dorna máis, por varios motivos e un é o fundamental, cando estudiosos e profesionais dan cara aos seus problemas, Ochoa dalle forma, sempre haberá quen critique ou non aprecie o que outros valoramos como unha aposta atrevida e en todo caso positiva, esta que se desenvolve no asteleiro dos Garrido, seguro que non será a solución aos problemas de estos profesionais, pero

supón unha iniciativa por espertar un sector que ata o de agora permanece de costas a esta realidade que nas primeiras páxinas describimos. Algúns miran alén das nosas fronteiras e valoran positivamente que nos pantaláns mediterráneos amarren llauts chamados "menorquines" polo sector, mezcla de plástico e madeira o carpinteiro Miquel Huguet segue a facer llauts para fins de lecer, como sempre.

"Sara" non vai construída en pino do país, o seu dono non tería tempo para valdeala no verán nin para achicar no inverno, tampouco saberá o que se perde o non ter que dar alquitrán cando o sol esta alto. Pero sí abre unha porta ao mercado, os Irmáns Ga-

rrido ofertarán non somentes "construción de pesqueiros-bateiros ou similares" tamén poderán decir "dornas a tope" construídas e equipadas con tecnoloxía actual, aptas para o lecer o con mantemento actualizado os tempos que corren e seguro non as fará en serie, pero cicais aínda que non sexa con esta forma esperte a satisfacción de construír en madeira e con formas tradicionais e o mellor os asteleiros que hoxe pelexan pola súa supervivencia teñen unha cota máis de mercado. Non me gustaría asistir (como xa me ten acontecido en algún que outro taller) a unha charla con carpinteiros de ribeira onde ningún de eles constrúa un barco.





# A CANOA NA RÍA DE MUROS E NOIA

O membro do Grupo de Cultura Mariñeira da Asociación Cultural O Xeito, o esteirán Moncho Bouzas, fálanos neste artigo sobre o traballo realizado na recuperación das canoas,

ou bucetas, na súa ría onde veñen de recuperarse varios exemplares, tanto por parte do seu colectivo como da Asociación de Xubildos Mar de Muros.

Fotos: Moncho Bouzas e Lino Prieto

*A min custoume algún traballo dicir sen respirar  
que había plantas monocotiledóneas  
pero non din sabido de que familia era,  
se é que a tiña,  
o toxo que douraba os montes de Galicia.*

Manuel Rivas, *O Pobo da Noite*.

Canoa é a denominación popular que recibe na ría de Muros e Noia a mesma embarcación coñecida no resto de Galicia como Buceta. A linguaxe e o término elixido sempre implica unha carga de significado e unha posición definida de quen o utiliza, de maneira que o emprego da forma Canoa pode querer indicar preferencia polo particularismo en detrimento dos aspectos de carácter xeral que verdadeiramente definen esta tipoloxía de embarcación tradicional.

Nada máis lonxe de nosa intención, que se reduce a destacar o amplo acervo léxico que non só neste caso, senón noutros moitos ámbitos da cultura marítima, supón unha mostra da riqueza e variedade que a nosa relación ao longo da historia co mar ten producido.

Para delimitar como tipoloxía específica a Canoa ou Buceta, resulta sumamente útil botar man da conceptualización que na súa obra publicada expón e defende Staffan Mörling ao respecto. Define a Canoa como un tipo de embarcación tradicional derivada do modelo que representa a Lancha Xeiteira e modelada pola influencia da presenza nas Rías Galegas da Traíñeira e as súas derivacións. A

canoa polo tanto é o resultado dun proceso cultural producido nun crisol alimentado de interaccións de modelos diversos, mesmo en canto á orixe xeográfica, que de forma normal e natural dan lugar, ao longo do tempo e nun espazo determinado, a unha xenuína mestizaxe que adquire características específicas.

Sobre esta base que xulgamos acertada, estamos en disposición de realizar unha definición poñendo o acento en aspectos obxectivos e observables. A Canoa ou Buceta é unha embarcación de pesca, pequena e simétrica de proa e popa bicudas, a súa construción realízase coa técnica de a tope e ten forma alongada con manga relativamente pequena a respecto da





eslora, son barcos lixeiros que non dispoñen de tillas nin corredores e teñen as bancadas imprescindibles para remar, que tamén conforman os elementos que reforzan e estabilizan a forma do casco. Levan dúas ou tres talameiras (remadoiras) por costado sendo o seu principal medio de propulsión o remo, admitindo tamén a navegación a vela, principalmente de relinga, latina e mística.

Estamos diante dunha tipoloxía na que o ámbito xeográfico de referencia é o conxunto da costa galega, aínda que se vincula preferentemente á ría de Muros e Noia. Incluso desde o espazo social con base na nosa Ría que efectivamente está a protagonizar a recuperación e dignificación da Canoa, se concibe o traballo realizado como un compromiso a prol da mantenza dunha tipoloxía de referencia local, promovendo a socialización dunha denominación que a vincula inequivocamente a unha determinada localidade.

Este posicionamento totalmente ben in-

tencionado inxírese nun plantexamento que tivo unha ampla presenza e predicamento na Cultura Marítima como movemento social, que implicaba que o proceso de recuperación de embarcacións tradicionais se configuraba como o sumatorio de iniciativas, que rehabilitaban tipoloxías desde unha concepción que erixía a iniciativa de recuperación concreta nun símbolo identitario local. Esta formulación está superada, na medida en que avanzou a socialización do coñecemento sobre as embarcacións tradicionais, poñéndose actualmente de xeito acertado o acento na recuperación da tipoloxía co obxectivo de ampliar o abano de embarcacións tradicionais recuperadas para uso social, priorizando o valor engadido que aporta ao conxunto por riba das connotacións locais, que estando obviamente presentes xa non configuran o elemento vertebrador do discurso de presentación das iniciativas asociativas ante o conxunto da sociedade.

A ría de Muros e Noia incorpórase ao traballo, inspirada polo espírito impul-

sado pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, mediante a recuperación de dúas Canoas por parte do Grupo de Cultura Mariñeira da Asociación Cultural O Xeito de Esteiro e da Asociación de Xubilados do Mar de Muros. Están tamén en marcha a construción doutras dúas Canoas por parte da Asociación de Veciños e Veciñas de Abelleira e a Asociación Mar de Muros, coa previsión de estaren listas para o IX Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

Amigas e amigos da Cultura Marítima, somos diversos proxectos asociativos de base cidadá os que coincidimos, aportando a Canoa ou Buceta desde diversas localidades da Ría de Muros e Noia para toda Galicia, na convicción de que a nosa achega en sinerxía co conxunto da cidadanía sensible á cultura do mar vinculada á Federación é semente de futuro.

Dornas, botes, traíñeiras, galeóns, carochos, racús, gamelas, pailebotes, bergantíns, canoas,...





## FOTO A FOTO CONSTRUÍNDO PATRIMONIO

**Paulo Jablonski e Alberte Román, foron os técnicos encargados de levar a bo porto o proxecto A Memoria do Mar, dependente do Museo do Mar de Galicia, falan sobre a experiencia de dixitalizar e documentar os milleiros de fotografías recollidas durante os 10 meses nos que percorren moitas das Confrarías galegas. As fotografías empregadas para ilustrar este artigo son parte do froito deste traballo.**

José Rodríguez Vilas é un maquinista retirado nacido en Priegue, Nigrán. A súa vida laboral é tan extensa como o percorrido que vai desde as embarcacións de vapor aos barcos factoría. Trazar unha liña entre os seus comezos no mar na pesca do día até os últimos embarques de Remolcanosa é debuxar a historia do mundo do mar de Galicia da segunda metade do s. XX. A finais dos anos 50 embarca rumbo a Terra Nova. No ano 1959, nun dos amarres en Saint-Pierre, José merca unha Agfa Isola. Maquinista de profesión, converterase en reporteiro ad hoc da vida a bordo dun bacallaeiro en Terra Nova.

Cinquenta anos máis tarde, o seu fillo ponse en contacto co proxecto A Memoria do Mar para que se inclúan estas fotografías no banco de imaxes do Museo do Mar de Galicia. Un tesouro gardado en sobres de papel durante medio século sae á luz grazas á xenerosidade do seu dono e á existencia dun proxecto que atende a este patrimonio tan particular como descoidado.

Se nos paramos, non teremos problema en pensar en iniciativas relacionadas coa recuperación, conservación e socialización do patrimonio marítimo galego. Tanto organismos públicos como privados contribúen na concienciación da importancia deste patrimonio para un país que non se entende sen a súa


relación co mar. Se notamos o incremento no interese e no número de iniciativas vinculadas ao patrimonio marítimo, non se nos pode pasar que existe un elemento que se ten descoidado, de xeito case sistemático, nestas mesmas iniciativas: o patrimonio fotográfico marítimo. De características particulares pola súa natureza e o seu tratamento, este patrimonio fotográfico ligado ao mar non ten sido obxecto central e sistemático das iniciativas relacionadas coa cultura mariña. Ante este escenario, o Museo do Mar propón abrir o camiño para a sistematización deste patrimonio co desenvolvemento do proxecto A Memoria do Mar.

A iniciativa conta con catro particularidades que, xuntas, a converten en pioneira en Galicia. En primeiro lugar, o interese

nas fotografías de carácter familiar sobre as coleccións de autor. Pensemos que as fotografías son parte do noso patrimonio máis íntimo e universal a un tempo. Cada casa ten gardadas no álbum ou nunha caixa de zapatos fotografías persoais que constitúen unha fonte de información inesgotábel. Multitude de datos que pertencen á memoria colectiva gardados na privacidade de cada casa. Velaí o grande conflito do patrimonio fotográfico: elementos parte do ben común en tanto patrimonio, que é necesario conservar, catalogar e socializar, mais custodiados de forma particular e considerados como ben privado.

Acceder a este patrimonio rachando este paradoxo supuxo un reto para o proxecto. As persoas que finalmente





participaron contribuíndo coas súas fotografías para seren dixitalizadas quebraron a barreira da intimidade e abriron os seus álbums persoais ao conxunto da cidadanía. Fixar o interese na fotografía familiar permitiu acceder a un material que dá unha visión amadora do mar e posibilita penetrar espazos de intimidade estraños nas fotografías de autor.

A segunda particularidade do proxecto é o establecemento de criterios para a dixitalización de fotografías. Desde un comezo fixéronse catro diferentes que vertebran todo o fondo: xeográfico, técnico, temporal e temático. A Memoria do Mar ten vocación nacional. O traballo de campo abrangueu 24 portos de toda a costa galega. Esta opción implicou alongar o período de traballo de campo e, nalgúns casos, acurtar as estancias nos portos, mais tamén posibilitou obter unha radiografía fotográfica de toda Galiza.

No apartado técnico, cada fotografía dixitalizada foi catalogada desde un punto de vista formal e rexistrada a súa procedencia. As fotografías recollidas están limitadas temporalmente no ano 2000. Esta elección está baseada na presenza maioritaria de cámaras dixitais a partir dese ano. O límite permitía centrarse na dixitalización, sobre todo, de material fotográfico en soporte de papel.

Por último, o criterio temático remítenos ao mundo do mar, mais desde unha perspectiva ampla. O mar pode ser fonte de vida, mais tamén de lecer. O mar vivido e o traballado mestúranse co mar aprendido, visitado ou navegado. As fotografías dixitalizadas son

aquelas onde o mar, as súas xentes, construcións, crenzas, ocupacións e lugares teñen un oco. Esta concepción aberta do que é unha fotografía marítima permite obter unha imaxe holística da vida do mar.

A terceira particularidade fai referencia á información tras de cada fotografía. Na medida do posíbel, recolléronse as historias aparelladas a cada fotografía. É así que o cualitativo atravesa o proxecto: máis do que estético, o fondo é documental. De contar coa información, cada fotografía está asociada a un lugar, unha data, aos nomes das persoas que aparecen e á descrición das actividades que realizan. Esta labor foi posíbel grazas ao contacto cos propios doantes que serviron de informantes.

En cuarto lugar, desde un comezo entendeuse o proxecto como un produto do e para o común da cidadanía. Non se comprende o exposto con anterioridade sen establecer mecanismos de socialización do material recollido. Existe unha tendencia, non maioritaria, mais si presente nalgunhas coleccións, a privatizar os fondos recollidos. Unha privatización dificulta a consulta do material, restrinxe ou incluso impide o seu uso, nun proceso de apropiación particular dun patrimonio común.

A Memoria do Mar estableceu un contrato de cesión de dereitos de reprodución das imaxes cos doantes baixo unha serie de condicións básicas e, en todo momento, a vontade é a de mostrar o fondo ao público do común. As vías, neste sentido, son tres. A primeira, pór o fondo a disposición pública

a través da páxina web do Museo do Mar, onde calquera persoa pode consultar todas as imaxes mediante un buscador por palabras.

A segunda vía compóñena tres exposicións itinerantes que recollen unha mostra do fondo. As exposicións reflicten tres posíbeis visións do fondo. A primeira realiza un percorrido da ocupación do espazo de ribeira nas vilas costeiras. A segunda fixa a perspectiva desde o punto de vista do fotógrafo e procura mostrar un mesmo mar plasmado de forma diversa. A terceira móstranos a centralidade do mar na vida cotiá das vilas costeiras. As exposicións percorreren as 24 localidades visitadas durante a fase de traballo de campo.

A terceira vía de socialización do proxecto ten que ver con José Rodríguez Vilas. O seu fondo é un tesouro descuberto. As series sobre Terra Nova merecían un tratamento especial. Baixo o título *O futuro era inmenso...*, o Museo do Mar editou un libro coa narración visual das súas fotografías. Como complemento da súa curiosidade fotográfica, realizouse unha entrevista onde José relata con fino verbo o seu percorrido vital e laboral polos mares dos Grandes Bancos.

Agora comeza a súa andaina pública da que terán que xurdir comentarios, críticas e suxestións de melloras para incorporar no futuro. En todo caso, Galiza e o mundo contan cunha nova ferramenta de recuperación, conservación e socialización do patrimonio marítimo galego.

# Listado actualizado de asociacións membros da F.G.C.M.F.

1	CRAC CORUXO	619 519 431	crac-coruxo_@hotmail.com
2	Real Cofradía da Dorna de Ribeira	606 061 363	real-e-ilustre@cofradiadadorna.com
3	Amigos da Dorna Meca	986 732 805	amigosdornameca@gmail.com
4	Asc. de Embarcacións Tradicionais «Os Galos»	986 321 799	ogalo@globalum.com
5	Club do Mar de Ferrol	981 353 499	parrocheira@telefonica.net
6	Asc. «As Joritas»	986 542 056	coitelodepau@hotmail.com
7	Grupo Etnográfico Mascato	986 520 008	dpereirag@terra.es
8	Asc. Cultural e Deportiva DORNA	649 190 098	acddorna@wanadoo.es
9	Asc. De Gameleiros Asodiña	986 222 441	fgdmf@jet.es
10	Asc. Mariñeiros San Miguel de Bouzas	986 247 062	amadbouzas@telefonica.net
11	Asc. SODINÁUTICA	986 222 441	sodinautica@gmail.com
12	Asc. De Veciños «Boureante»	669 897 537	cmreibo@gmail.com
13	Clube Mariño «A Reibo»	669 897 537	cmreibo@telefonica.net
14	R.C.N. De Sangenjo	670 544 295	rcns@telefonica.net
15	Asc. «A Rabandeira»	636 643 137	fotoelite@terra.es
16	Amigos da Dorna de Portonovo	686 982 062	amigosdadorna@hotmail.com
17	Clube Mariño Salnés	986 526 927	cmsalnes@hotmail.com
18	Asc. Barcas do Minho	982 465 218	correio@barcas.org
19	Asc. Canle de Lira	981 184 906	xestelos@mundo-r.com
20	Asc. Cultural «A Figueiriña-Lanchas do Sil»	988 682 146	obarco@mundo-r.com
21	Asc. Mar da Pedra	986 307 044	986307044@terra.es
22	Club Náutico de Redes	647 368 795	cmr@caamouco.net
23	Asc. «A Rompetimóns»	659 834 701	rompetimons@rompetimons.org
24	Asc. Barcos do Norte. Viana do Castelo	938 014 101	barcoantigo@hotmail.com
25	Asc. Amigos das Embarcacións Tradicionais	981 220 020	fernandomateo@mundo-r.com
26	Asc. Mar de Noia	981 821 681	info@mardenoia.com
27	Asc. Mar de Muros	981 763 979	manolosendon@hotmail.com
28	Asc. Sueste	986 315 250	sueste@wanadoo.es
29	Escola Obradoiro Mar de Vigo II	986 462 090	mardevigo@telefonica.net
30	Asc. Cultural «A Gamela». Cabo da Cruz	649 987 012	gamela@cabodecruz.org
31	Esteirana de Remo	981 826 040	esteiranaremo@esteiranaremo.com
32	Asc. Cultural «Gameleiros». Breadouro	986 490 592	breadouro@feprohos.org
33	Asc. Marítima e Cultural Vilaxoán	653 350 045	cbrianes@dosespacios.com
34	Fundación Expomar	982 586 232	expomar@expomar.com
35	Asc. Lajareu por Barlovento		lajareu@gmail.com
36	Asc. Cultural, Deportiva Fasquia	986 551 282	acdxfasquia@yahoo.es
37	Asc. Calmoseira	649 376 570	calmoseira@hotmail.com
38	Instituto de Estudos Miñoranos	680 644 490	direccion@minhor.org
39	Asc. Clube Marítimo Marisma da Ramallosa	626 777 547	marisma.ramallosa@gmail.com



Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL**

Ed. Multiusos, Campo da Mercede s/n.  
36630 CAMBADOS, Pontevedra  
Telf. 986524845  
E-mail: fgcmf@culturamaritima.org

**CONSELLO DE REDACCIÓN:**

Francisco Fdez. Rei, Lino Prieto,  
Fernando Piñeiro

**FOTOGRAFÍAS:**

Mar Rey, Lino Prieto  
Daniel Otero

**COLABORADORES:**

Moncho Bouzas

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:**

 **todo grove.com**